




**BASES PARA O  
XXIX CERTAME LITERARIO  
DO EXCMO. CONCELLO  
DE VILALBA**



**VILALBA, 2003**

#### **PRIMEIRA.-**

Premio *Excmo. Concello de Vilalba*, dotado con **3.000 euros** e diploma ó mellor traballo inédito de narrativa, en galego.

#### **SEGUNDA.-**

Premio *Excmo. Concello de Vilalba*, dotado con **900 euros**, diploma e flor natural ó mellor poema inédito escrito en lingua galega, de metro libre.

#### **TERCEIRA.-**

Poderán concorrer tódolos autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que presenten as súas obras en lingua galega.

#### **CUARTA.-**

Os autores e autoras gozarán de absoluta liberdade, tanto no tema como na extensión dos traballos.

#### **QUINTA.-**

As obras en narrativa poderán ser indistintamente: novelas, contos ou relatos. Cada autor poderá presentar tantos traballos como desexe.

#### **SEXTA.-**

As obras orixinais presentaranse mecanografadas a dobre espacio e por unha soa cara, en papel tipo folio. Na portada deberá constar o lema que distinga o traballo. Por cada obra enviaranse cinco copias.

#### **SÉTIMA.-**

Tódolos traballos han presentarse acompañados dun sobre

pechado ou plica facendo constar o lema que distinga o traballo e a Base á que concorren. No interior figurarán os datos personais, enderezo e teléfono do autor ou autora.

#### **OITAVA.-**

Tódolos traballos que concorran ó Certame Literario serán dirixidos ó Concello de Vilalba facendo constar no exterior do sobre "*Para o Certame Literario*" e a Base á que concorren.

#### **NOVENA.-**

*O prazo de admisión de traballos rematará ás 12 horas do día 24 de xullo de 2003.*

#### **DÉCIMA.-**

Polo feito de participar no Certame, os autores aceptarán o dictame do Xurado, que será inapelable. Os traballos non premiados serán destruídos xunto coas súas plicas. Este Xurado estará composto por persoas de recoñecida competencia nas materias ás que se refiren as presentes Bases. A súa composición ha ser dada a coñecer xunto coa emisión do resultado.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.-**

*O dictame do Xurado darase a coñecer o día 23 de agosto de 2003*, a través dos distintos medios de comunicación. A entrega de premios efectuarase nun magno acto que terá lugar en Vilalba o día 30 de agosto, coincidindo co comezo das festas de *San Ramón e Santa María de 2003* e, de ser posible, asistirán os autores premiados ou persoa que os represente.